

Anthus pratensis (Linnaeus, 1758)

	pica dos prados
	bisbita pratense
	negu-txirta
	titella
	meadow pipit
	petinha-dos-prados



ESTADO DE CONSERVACIÓN



MEDIDAS CORPORAIS

Peso	19 g
Lonxitude	15 cm
Envergadura	24 cm

FILO	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Chordata	Aves	Passeriformes	Motacillidae	Anthus

ALIMENTACIÓN

Insectos pequenos (moscas, mosquitos), en inverno tamén sementes.

COMPORTEMENTO

Camiña de xeito despreocupado e errático polo chan; debido ao seu andar críptico e discreto, só se delata cando canta ao levantar voo. A miúdo pódese ver pousada en cables eléctricos e de cando en vez nas árbores.

REPRODUCCIÓN

Non hai información sobre a cría en España. No resto de Europa, efectúa dúas postas entre abril-agosto, de 4-6 ovos (moteados sobre un fondo de cor variable, pardo, gris ou vermellizo) que son incubados pola femia durante 11 días.

HÁBITAT

Pastos, matogueira, regadíos, devesas e outras formacións arboradas abertas.

DISTRIBUCIÓN

Como reprodutora podémola atopar case exclusivamente no centro e norte de Europa. No centro-oeste é residente, e pode invernar no Mediterráneo.

CURIOSIDADES

Estudios nas áreas de cría averiguaron que as perdas de postas se elevan ao 46% e que só o 30% dos polos nados chegan a voar. Ademáis, os adultos son predados polos falcóns.

En España, a subespecie que podemos atopar é *Anthus pratensis* subsp. *pratensis*..